



ANUNCIO PUBLICACIÓN CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN, DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE 4 AXUDANTES DE SERVIZOS EN PAVILLÓNS, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019-LIÑAS 2 E 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Na Casa do Concello, sendo as 14:00 horas do 25 de marzo de 2019 reúnese o tribunal cualificador do proceso de selección para a contratación, en réxime laboral temporal, de 4 axudantes de servizos en Pavillóns dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2019-liñas 2 e 3) da Deputación de Pontevedra e acorda, en relación co punto quinto das bases que regulan o proceso de selección aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 25/02/2019, o seguinte:

.- Convocar a todas as persoas aspirantes para a realización da proba práctica para o vindeiro **venres 29 de marzo de 2019, ás 12:00 h**, no Multiusos da Xunqueira.

.- As persoas aspirantes terán **30 minutos** para a realización da proba práctica consistente nun test de 10 preguntas relacionadas coas funcións do posto.

.- Establecer como **critérios xerais de valoración** da proba:

1º) Cada pregunta do test ben contestada :1 punto

2º) Non se restará puntuación polas preguntas erradas ou non contestadas.

.- Non se poderá acudir á proba práctica con ningún tipo de material, (folios, textos legais, apuntamentos, etc), nin con dispositivos electrónicos (móviles, tablets, ou similares, etc.)

A secretaria do tribunal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE